



ACUATLÓN CASTRELO DE MIÑO 2024 II Copa Deputación Acuatlón

- **ORGANIZA:**

Club Natación Pabellón Ourense

1) Persoas de contacto:

a) Santiago Escudero (TEL.: 666 330 104)

b) Jose Manuel Fernández (TEL.: 661 942

796) Email: triatlon@cnpourense.es

Federación Galega de Triatlón

- **COLABORA:**

Concello de Castrelo de

Miño Deputación de Ourense

Inorde

Club Náutico Castrelo de Miño

- **DATA, HORA E LUGAR:**

Sábado 21 de Septiembre de

2024 Horario: a partir das 16:45 h.

Club Náutico de Castrelo de Miño

Ubicación: <https://goo.gl/maps/pbsr2Gh2nRiYiZj56>

- **PARTICIPANTES**

Nesta proba poderán participar:

a) Deportistas con licencia de Triatlón.

b) Aquelas persoas que fagan licenza temporal de un día
(custo licenza temporal 1 día-20 €/6 € menores)

Categorías: Benxamín, Alevín, Infantil, Cadete, Xuvenil, Júnior, Absoluta e Veterán.

- **CATEGORÍAS:
Probos Menores**

CATEGORIAS	ANO NACEMENTO
BENXAMIN	2015 e 2016
ALEVIN	2013 e 2014
INFANTIL	2011 e 2012
CADETE	2009 e 2010



Proba Absoluta

CATEGORIAS	ANO NACEMENTO
XUVENIL	2007 e 2008
JUNIOR	2005 e 2006
VETERAN	1984 e anteriores

- DISTANCIAS A PERCORRER**

Proba	ANO NAC	NATACION	CARREIRA A PE
BENXAMIN	2015 e 2016	200m - 1 volta	400 m - 1 volta
ALEVIN	2013 e 2014	200 m - 1 volta	1.250 m - 1 volta
INFANTIL	2011 e 2012	300 m- 1 volta	1.250 m - 1 volta
CADETE	2009 e 2010	300 m- 1 volta	2.500 m – 2 voltas
ABSOLUTA (XV/JN/AB/VT)	2008 e anteriores	750 m- 1 volta	5.000 m – 4 voltas

- HORARIOS*:**

As probas darán comezo ás 16:45.

A partires das 15:30 horas, entregárase a documentación correspondente aos equipos (dorsais, planos circuítos, etc) ata 15 min. antes de cada proba. Os participantes deberán estar 10 min. antes na cámara de chamadas.

16:45 Saída Absoluta/Júnior/Xuvenil/Veterano (I, II e III) Masculina.

16:50 Saída Absoluta/Júnior/Xuvenil/Veterana (I, II e III) Feminina.

17:30 Saída Cadete Masc.

17:35 Saída Cadete Fem.

18:00 Saída Infantil Masc.

18:05 Saída Infantil Fem.

18:30 Saída Alevín Masc.

18:35 Saída Alevín Fem.

19:00 Saída Benxamín Masc.

19:05 Saída Benxamín Fem.

*os horarios poden sufrir variacións en función do nº de participantes.



CLUB NATACIÓN PABELLÓN OURENSE



- **CONTROL DE MATERIAL:** ata

15min antes de cada proba.

- **NORMATIVAS:**

A carreira rexeráse segundo as normativas vixentes do [Regulamento Oficial de Competición das Federacións Galega e Española de Triatlón](#)

- **INSCRICIÓNS:**

Ata o martes 17 de Setembro as 23:59

h. Limitado a 150 participantes

Non se admitirán inscricións incompletas ou fóra de prazo. Todas serán confirmadas na web. A inscrición realizarase on-line, a través da web da Federación Galega de Triatlón www.fegatri.org, no apartado Regulamentos/Inscricións.

O abono da cota farase con tarxeta bancaria a través de TPV Prezo inscrición: 15 € (xuenís e menores; gratuíta).

Deportistas sen licenza de triatlón engadirán á cota anterior o custe de trámite da licenza temporal de 1 día.

a) Clubs.- Accederán a través do apartado competicións, picando en [competicións/inscricións](#) e accedendo á carreira de referencia. Unha vez que se accede á carreira picarase na ligazón “inscrición” e introducirase o código do club e contrasinal.

b) Deportistas con licenza de triatlón en vigor .- A inscrición realizarase online, a través da web da Federación Galega de Triatlón www.fegatri.org, no apartado [competicións/inscricións](#). Deberán introducir os datos persoais que figuran no formulario. O pagamento da cota farase con tarxeta bancaria a través de TPV.

c) Deportistas con licenza temporal de 1 día (non federados): A inscrición realizarase online, a través da web da Federación Galega de Triatlón www.fegatri.org, no apartado [competicións/inscricións](#). Deberán introducir os datos persoais que figuran no formulario de deportistas con licenza temporal de 1 día. O abonamento da cota farase con tarxeta bancaria a través de TPV. (15,00+20€/0+6€ xuenís e menores= 35,00€/6,00 € xuenís e menores)





- **BAIXAS E POLÍTICA DE DEVOLUCIÓNS:**

As baixas deberán ser comunicadas á Federación Galega de Tríatlon a través do correo electrónico fegatri@hotmail.com, antes do remate do prazo de inscrición. Unha vez pechado o prazo non se fan devolucións. As devolucións das baixas comunicadas en tempo e forma serán aboadas na semana seguinte á celebración da proba. No caso de inscricións incompletas, que non se axusten ao regulamento ou falta de documentación, rematado o prazo de inscrición serán anuladas e non se farán devolucións.

- **PUBLICACIÓN DE LISTAXES DE PERSOAS INSCRITAS:**

Publicación lista provisional: o xoves anterior á proba publicarase a lista provisional de persoas inscritas (esta admite reclamación cando na lista se dese algún erro debido ao manexo dos datos na federación, por exemplo, baixas solicitadas en tempo que non aparecen dadas na listaxe, ...). É moi importante revisar esta listaxe para ter opción a reclamar se hai algún erro no mesmo.

Publicación lista definitiva: o venres anterior á proba publicarase a lista definitiva (esta é firme e non admite cambios).

- **OUTRAS NORMAS**

Todos os aspectos non recollidos nestas normas serán regulados pola normativa oficial da Federación Galega de Tríatlon e Péntatlon Moderno e/ou Federación Española de Tríatlon, que se pode consultar na páxina web da federación: www.fegatri.org

Haberá entrega de medallas aos tres primeiros clasificados de cada categoría e xénero.

É recomendable consultar a normativa específica de cada proba.

- **SERVIZOS**


1. Cronometraxe será electrónica.
2. Seguro de Responsabilidade Civil do Club Natación Pabellón Ourense.
3. Seguros de accidentes deportivos FEGATRI <https://fegatri.org/seguro-deportivo/>
4. Servizo de ambulancia durante a carreira.
5. Voluntariado.

- **CIRCUITOS:**

A ubicación do mesmo é no Club Náutico de Castrelo de Miño

- **DÚBIDAS:** Para calquera consulta sobre a proba, podeades poñernos en contacto connosco a través do correo electrónico triatlon@cnpourense.es ou fegatri@hotmail.com

ACUATLÓN BENXAMIN




ACUATLÓN ALEVIN




ACUATLÓN INFANTIL



ACUATLÓN CADETE



ACUATLÓN ABSOLUTO, JUNIOR, JUVENIL E VETERAN



• PREMIOS

- Medallas para os/as 3 primeiros clasificados/as de cada categoría e sexo. Sendo as seguintes categorías: Benxamín, Alevín, Infantil, Cadete, Xuvenil, Junior, Absoluta e Veterán
- Premio en material deportivo para os tres primeiros e as tres primeiras clasificados/as na distancia absoluta:
100€ para o primeiro clasificado/a,
75€ para o segundo clasificado/a,
25€ para o terceiro clasificado/a.

A entrega de Premios, será 15 min. despois do remate da proba, aprox. sobre as 19:30 h.